



Memoria explicativa das actividades do ano 2016

A Asociación Cultural Musical Solfa ven desenvolvendo un traballo a prol da normalización cultural e lingüística de Galiza. A nosa actividade no ano 2016 concretámola en:

6 de febreiro. Concerto do Entroido no Barrio das Fontiñas

O Centro Sociocultural das Fontiñas organiza a súa I Comparsa do Entroido. Solfa colabora nesta programación cun concerto da coral e banda de música o día 6 de febreiro. Desfile, degustación de chocolate e moita animación marcaron esta festa en que participou a veciñanza de Santiago e especialmente a do Barrio das Fontiñas.

24 de febreiro. Día de Rosalía de Castro

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) homenaxeou a Rosalía de Castro. O 24 de febreiro está fixado no Calendario do Libro e da Lectura como aniversario do nacemento da autora. Foron moitos os actos promovidos pola AELG. O Acto central tivo lugar o domingo, día 21 de febreiro ás 12.00h., no Panteón de Galegos Ilustres.

A Asociación Cultural e Musical Solfa leva anos participando nesa data tan sinalada e, unha vez máis, a nosa coral puxo voz a distintos poemas de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas e Manuel María, baixo a dirección de F. Tobar Cereijo. Con isto e coa lectura de distintos poemas da homenaxeada demos fe da grandeza da obra Rosaliana.

Concerto “Irmandade Coral Galiza – Euskal Herria”

Os días 13,14 e 15 de maio a Coral de Solfa viaxou a Euskadi, convidados polas corais de Monte Txio de Zarautz e Xumela e Olagarro de Ondarribia. Devolver a visita realizada por estas tres corais a Compostela sela a irmandade das nosas linguas e das nosas culturas. No concerto que realizamos en Zarautz ocuparon un lugar privilexiado os escritores e escritoras que temos como referente: Castelao, Rosalía, Curros, Manuel María. Levamos connosco tamén a nosa música popular e cancións do mundo lusófono.

Con esta viaxe pretendemos unir dúas culturas, dous pobos, empeñados en que a nosa propia diversidade cultural, idiomática e tanta riqueza acumulada por séculos non desapareza. Gozar, enriquecer as nosas vidas coas nosas tradicións axudounos a respectar, dignificar e sentirmos o orgullo da nosa propia cultura.. Os actos centrais da visita a Euskal Herria foron a actuación nunha praza pública en Lasarteo sábado 14 de maio e o concerto,ao día seguinte, no Cine Modelo de Zarautz . Só temos palabras de agradecemento a todos eles, especialmente a Porrotx por acercarnos aínda máis a coñecer a historia do seu Pobo.

O idioma é a vida. Manifesto do 17 de maio

A Asociación Cultural e Musical Solfa forma parte da plataforma Queremos Galego e sumámonos á convocatoria da manifestación en Compostela o día das Letras Galegas. Recollemos sinaturas de apoio á nosa lingua no manifesto que comezaba así: “A lingua é a maior creación colectiva dun pobo, a expresión máis clara da súa existencia e vontade de se desenvolver. A normalidade plena da lingua propia evidencia o desenvolvemento e a prosperidade do pobo que a fala...”

22 de abril. Multitude de homenaxes a Manuel María esa fin de semana

Moitas asociacións culturais da Galiza, nesa fin de semana, puxémoslle voz ao poeta Manuel María. A Mesa pola Normalización Lingüística, a Agrupación Cultural o Galo e a **Asociación Cultural Musical Solfa** sumámonos a estas homenaxes a Manuel. A cita foi o **día 22 de abril, ás 19.30h. na Praza de Cervantes**, coincidindo esa fin de semana co día do libro e do ano que se lle dedica a Manuel o Día das Letras Galegas.

Queixemos homenaxear un home entregado á cultura e á lingua deste País. Deixou unha obra dunha valía indescribíbel en que reflicte a realidade social, política e cultural desa época. Agasallo tan grande só pode ser obra dun home dunha talla intelectual e de grande sabedoría. Por iso, con ilusión quixemos colaborar en difundir e gozar da súa grandiosa obra.

O Carro, O Cuco... son poemas que a nosa coral interpretou despois dunha lectura dos seus poemas.

22 de Maio. VII Seminario sobre a memoria

A Coral de Solfa foi convidada a participar no VII seminario sobre a memoria, organizado por Nova Escola Galega en Gres, Ponte Ledesma, o **día 22 de maio**. Reconstruír a memoria histórica no contexto escolar, a despiadada depuración sufrida polo maxisterio e, especificamente, a violencia exercida sobre as mulleres antifranquistas que foron represaliadas... foi o eixe sobre o que xiraron as xornadas.

Coa participación da coral de Solfa lembramos a grandes poetas cuxa obra segue vixente na actualidade: Ramón Cabanillas, Rosalía, Manuel María... Coñecer o noso pasado e saber quen somos é para a nosa asociación un traballo fundamental e sentimos orgullo de contribuír a que a nosa memoria non morra.

Concerto homenaxe a Manuel María

A Asociación Cultural e Musical Solfa, a Agrupación Cultural O Galo e a Mesa pola Normalización Lingüística homenaxeamos a Manuel María o **27 de maio** de na Praza das Praterías de Compostela. Pretendemos amosar a nosa admiración e recoñecemento a un escritor comprometido con todo o que nos conforma como Pobo. A súa extensa e diversa obra é un canto á nosa lingua e cultura e dignificanos como Pobo. O Acto comezou coa lectura de poemas de Manuel María e rematou coa banda de música de Solfa.

Festa cultural e ecolóxica na Eira da Xoana

O domingo, 5 de xuño, a casiña e eirado da Eira da Xoana, converteuse nun espazo de recuperación das feiras de sempre da nosa Galiza, en que puidemos encontrar diferentes produtos artesanais e de produción ecolóxica, entre outras actividades. Coa actuación da nosa Coral de Solfa, contribuímos e puidemos gozar dun domingo entretido e enriquecedor.

Concerto dos alumn@s, coral, pandereteir@s e banda de música de Solfa

O 27 de xuño, ás 19.30h. no centro sociocultural das Fontiñas demos por finalizadas as clases de instrumento e linguaxe musical para gozar dunhas vacacións ben merecidas este ano 2016. Como remate do curso os alumn@s de piano, frutas, clarinetes, saxos, percusión deleitáronnos cun programa de música clásica e tradicional. As pandereteir@s de Solfa fixeron o estreo público con danzas e muiñeiras.

3º Convivio da Cultura Galega

O sábado 9 de xullo celebramos o **3º Convivio da Cultura Galega**, unha xornada de festa e foliada arredor da cultura do País. Na carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, tivemos actuacións musicais, con homenaxe a Manuel María, xantar compartido, posibilidade de visitar a Casa Museo do escritor e... moita festa. Pola mañá comezamos coas bandas e os coros, e pola tarde tocar, cantar, bailar... nunha paraxe magnífica. Contamos coa actuación da Coral de Solfa, dirixida por Francisco Tobar; a Banda de Música Solfa de Rábade e Begonte, dirixida Adrián País e por Armando Morales; a Banda xuvenil da escola de música de Rianxo, director por Rafael Collazo e coro do CEIP Ana María Diéguez dirixido por Irene Amado.

Solfa en *Música no Camiño*

A Banda de música de Solfa dirixida por Adrián Pais Abuín dentro do ciclo de concertos de *Música no Camiño*, promovido pola FGBMP e a Axencia Turismo de Galiza, ofreceu un concerto o **venres, día 15 de xullo, ás 20.30h.** na Praza das Praterías en Compostela.

Encontro coral de música Galaico-Lusa

A Asociación cultural e deportiva, Xungalú convidou á nosa asociación, Solfa, a un primeiro encontro coral de música Galaico-Lusa. O encontro foi o día **29 de outubro, en Lugo. O concerto tivo lugar na Igrexa Santiago A Nova.** Actuaron a coral de Solfa e o conxunto vocal Lugh. Devolverannos a visita no mes de maio de 2017

Concerto do Nadal 2016

Nas datas do Nadal a nosa coral visitou os nosos maiores/as na residencia Servisenior e na Volta do Castro. Como todos os anos, queremos que os nosos maiores pasen un momento agradábel na nosa compañía. Baixo a dirección de Francisco Tobar, interpretamos: *A Costureiriña, Alecrín, Se chove, Canção de Natal, Gato na tuba, Ó Rama, O voso Galo e Panxoliña encantada...*

Despedimos o ano 2016 cun concerto da Banda de música e Coral no Centro Sociocultural das Fontiñas o día 23 de decembro